



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES

En Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2009

CLÁUSULAS

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre a Unidade de Estudio e Investigación en Superdotación da USC e ASAC (Asociación de Altas Capacidades de Galicia) .
- Cooperación en programas de formación de persoal investigador e técnico.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade das dúas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Intercambio de persoal por tempo limitado, cando a natureza do traballo así o requira.
- Colaboración entre a Unidade de Estudio e Investigación en Superdotación para a elaboración de programas de actividades de enriquecemento cultural para as familias e os nenos e nenas de ASAC Galicia, tales como visitas guiadas, obradoiros, uso de materiais didácticos...
- A Unidade de Estudio e Investigación en Superdotación seguirá asumindo as seguintes funcións:
 - Constitución do Comité Científico das Xornadas, Cursos, ou seminarios que se organizasen dende ASAC .
 - Supervisión da adecuación das Actividades de enriquecemento para acadar os obxectivos previstos.
 - Organización conxunta con ASAC do programa de Enriquecemento
 - Colaboración conxunta con ASAC na busca de financiación pública ou privada para o desenvolvemento do programa de actividades.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Acordo Marco.